

Homénaxe a unha artista vianesa

Quintela do Pando é un pobo moi preto de Viana. Neves é desta aldea. E unha muller nova, ex-alumna do colexio *Bibei*, casada, nai de dous fillos pequenos que asisten ó mesmo colexio ó que foi a súa nai. Neves é unha ama de casa. Ata aquí, normal. O importante ven agora. Neves compaxina o seu traballo de gardar as ovellas co desenrolo das súas facultades artísticas. Non sabemos de onde saca a súa creatividade, que é asombrosa.

Traballa a madeira que é un primor e fai estatuas, floreiros, meigas, trasgos. Ten unha colección de bastóns, que soio vendos. Pinta, dalle ás ceras, ás acuarelas, ó óleo, ten un nacemento a tamaño natural feito de madeira que é unha virguería. Un traxe

de pelegrín con sombreiro e demais feito de *boullacas* que chama a atención.

Somentes véndoo non se che esquece tanta variadísima obra como ten Neves metida nun garaxe. Hai moita xente que se achegou a este lugar para ver tanta orixinalidade. Neves é unha artista innata. Nós pedimos que se lle dé unha oportunidade a esta veciña nosa para que se lleden as técnicas oportunas mediante un cursiño pagado, ou o que lle veña ben, para o seu perfeccionamento si elo fose posible. Igual estamos perdendo un xenio tan pretiño de nós. A oportunidade de igualdades parece que non reza neste caso. Facemos un chamamento ó concello, a Cultura, para que boten unha

man a esta artista perdida no seu bucolismo.

O castelo de Viana, din que rexeitado para Museo Etnográfico, vai máis de dous anos que está pechado tendo tanta abondosa materia para estar aberto ó público e poder contemplar tanta variedade de arte. Lémbrense da exposición do colexio *Bibei*. Os rapaces nuns días foron capaces de acadar os máis dispares obxectos antigos, dignos de estar no castelo. Se non se aproveitan os millóns gastados ¿para qué se fan istos dispendios?. Neves, ¡vaia para ti a nosa norabóia máis agarimosa polo teu traballo, pola túa creatividade e porque eres unha artista e non mereces estar tan soia no teu arte, e tan esquecida!. **Bece. Viana.**